

Convenio colectivo da empresa Setex-Aparki, S.A. concesionaria de retirada de vehículos da vía pública no concello de Lugo (Anos 2002-2006)¹

Artigo 1º.-Ámbito funcional.

Este convenio regula as relacións laborais entre a concesionaria de retirada de vehículos da vía pública no concello de Lugo e a súa posterior custodia e o seu persoal nas categorías especificadas neste convenio. Excepto persoal de dirección.

Artigo 2º.-Ámbito xeográfico.

O ámbito xeográfico deste convenio circunscríbese ao concello de Lugo.

Artigo 3º.-Duración.

O convenio entrará en vigor o día da súa sinatura con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2002 e terá duración de cinco anos (finalizando o 31 de decembro de 2006)

Artigo 4º.-Denuncia.

Estipúlase un prazo de duración de cinco anos, pactándose de común acordo que, con antelación de 3 meses á data de expiración, considérase automaticamente denunciado.

Artigo 5º.-Comisión mixta paritaria.

Co obxecto de velar pola correcta aplicación e cumprimento do contido deste convenio, créase unha comisión mixta paritaria, que entenderá de todas as cuestións relacionadas coa interpretación das normas contidas nel.

A comisión mixta paritaria estará formada polo delegado de persoal e un representante da empresa, cada parte poderá nomear un asesor que terá voz pero non voto.

Artigo 6º.-Xornada laboral.

A xornada laboral será de 40 horas semanais; aos traballadores que teñan que realizar servizos en festivos, aboaránselles os ditos días a razón de 50 euros por día traballado.

Artigo 7º.-Horarios.

As quendas de traballo serán continuadas cun periodo de descanso de 30 minutos.

Os cuadrantes de traballo serán negociados entre o delegado de persoal e a empresa, sendo obrigatoria a súa exposición nos taboleiros de anuncios do centro de traballo cunha semana de antelación, os cuadrantes serán de carácter mensual.

Artigo 8º.-Complemento de nocturnidade.

Todo traballador que realiza traballo nocturno compensarase cunha cantidade equivalente ao 25% do salario base por día traballado, a nocturnidade será desde as 22.00 horas ás 6.00 horas.

Artigo 9º.-Vacacións.

Todo o persoal afectado por este convenio desfrutará dunhas vacacións retribuídas ata o 2004 de 32 días naturais, para o ano 2005 de 33 días naturais e para o ano 2006 de 35 días naturais.

O calendario de vacacións será pactado entre a empresa e o delegado de persoal. O período vacacional será preferentemente a partir de xuño de 2005 a setembro, ambos incluídos, podendo os traballadores optar por outro mes se así o desexasen.

Artigo 10º.-Permisos e licenzas.

Os traballadores poderán gozar de permisos retribuídos nos seguintes casos:

a) Por nacemento de fillo: 4 días.

¹ Publicado no DOG núm. 112, do 13 de xuño de 2005.

- b) Por matrimonio: 20 días.
- c) Por enfermidade grave ou falecemento dun familiar en primeiro grao: 4 días.
- d) Por enfermidade grave ou falecemento dun familiar ata o terceiro grao: 1 día.
- e) Por matrimonio de fillos ou pais: 1 día.
- f) Por traslado de domicilio habitual: 2 días.
- g) En caso de visita médica nos servizos da Seguridade Social e mediante xustificante de consulta, concederáse o tempo necesario para ela.

h) O traballador terá dereito a desfrutar de xornada retribuída de 6 días por asuntos propios, que como único requisito para a súa adxudicación se exixirá a súa petición por escrito cunha anticipación de 48 horas, como mínimo. Cando a petición dalgún destes días a realice máis do 10% do cadro de persoal activo nesa data, a representación legal dos traballadores e da empresa abordarán as condicións precisas para o seu desfrute. Ante a diferenza interpretativa existente en relación á forma de desfrutar os días de asuntos propios, resólvese do seguinte xeito: os días de asuntos propios non se poderán desfrutar en sábados, domingos, festivos ou véspera de festivos no período de xuño a setembro, nin os días 24, 25, 31 de decembro, 1 de xaneiro e festas locais.

Artigo 11º.- Incapacidade temporal (IT).

En caso de baixa por incapacidade temporal, establécese o aboamento do 100% da mensalidade normal sen ningún límite.

Artigo 12º.-Xubilación.

Para aqueles traballadores, cun mínimo de 8 anos de antigüidade na empresa, establécese os seguintes premios por compensación da súa xubilación anticipada (estes premios serán compensados con tempo de vacacións):

- Aos 63 anos: 2.199,70 euros.
- Aos 62 anos: 2.518,24 euros.
- Aos 61 anos: 2.824,76 euros.
- Aos 60 anos: 3.155,31 euros.

Artigo 13º.-Salarios.

O aboamento do salario efectuarase de acordo co establecido no Estatuto dos traballadores. Segundo táboa anexa. Para o ano 2006 será o IPC máis 2,5 puntos.

Dereitos sindicais

Artigo 14º.-Información sobre a contratación.

A dirección da empresa está obrigada a facilitarlle ao representante dos traballadores información periódica sobre contratación, que incluirá:

- Previsións en materia de emprego e contratación.
- Modalidades de contratación.
- Grao de cumprimento das previsións anteriores. Esta información entregarase trimestralmente.

O delegado de persoal será consultado previamente á adopción de decisións empresariais en materia de:

- Número de traballadores que se deben contratar.
- Modalidades de contratos e número deles.
- Data de formalización dos contratos e duración deles.
- Modo de selección do persoal.

Artigo 15º.-Delegado de seguridade e saúde.

O delegado de persoal será así mesmo delegado de prevención en conformidade coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cuxas funcións e atribucións serán as seguintes:

- Promover na empresa a observación das disposicións vixentes en materia de seguranza e saúde.
- Estudar e promover as medidas oportunas para a prevención de riscos profesionais, protección da vida, integridade física, saúde e benestar dos traballadores.
- Ser informado pola dirección da empresa das medidas concretas que se previsen en materia de seguranza e saúde, tendo facultade de propor adecuacións, modificación ou adicións pertinentes ao plan de seguranza por iniciativa do delegado de persoal.
- O delegado de prevención poderá instar a paralización das actividades ante o inminente risco de accidente.

Artigo 16º.-Recoñecemento médico.

A empresa facilitará un recoñecemento médico que como regra xeral será cada ano. Os resultados da revisión médica seranlle entregados ao traballador.

Artigo 17º.-Mantemento de emprego.

O número de traballadores fixos será como mínimo o que presta actualmente servizos na empresa, non obstante, a empresa comprométese a aumentar o cadro de persoal na medida do posible.

Artigo 18º.- Garantía de posto de traballo.

O cambio de titularidade da empresa ou cambio de concesión administrativa non extinguirá por si mesmo a relación laboral, quedando o empresario subrogado nos dereitos e obrigas do anterior.

Artigo 19º.-Seguro de morte ou invalidez.

Establécese unha póliza de morte ou invalidez para cada un dos traballadores da empresa durante a súa permanencia en activo nela, consistente en 18.030,36 euros, en caso de morte natural e da mesma contía en caso de invalidez absoluta e permanente. A póliza producirá efectos a partir da data en que se asine o citado convenio. As primas deste

seguro son por conta da empresa, a cal deberá darlle copia ao representante dos traballadores. No suposto de que algún traballador sexa rexeitado por parte da mutua aseguradora, a empresa unicamente se compromete a pagarlle ao dito traballador a cota anual media por traballador na data de pagamento da póliza, quedando exento do aboamento de cantidade ningunha en caso de morte ou invalidez absoluta e permanente.

Artigo 20º.-Protección ao embarazo.

A traballadora xestante terá dereito a ocupar durante o seu embarazo o seu posto de traballo e unha quenda distinta á súa se existise prescrición do facultativo que atende o seu embarazo, sen modificación de categoría nin mingua dos seus dereitos económicos.

A traballadora embarazada terá permisos retribuídos para preparación ao parto, así como dereito a elixir a data das súas vacacións regulamentarias. Os cursos de preparación ao parto poderán realizarse en horas laborables, que serán retribuídas.

Artigo 21º.-Pagas extraordinarias.

Establécense dúas pagas extraordinarias, en contía de salario base, complementos e antigüidade, que serán aboadas: a de verán coa nómina do mes de xuño e a de Nadal con anterioridade ao 20 de decembro. Das ditas pagas queda exento o complemento de nocturnidade. O devengo destas pagas será anual, a de verán do 1 de xullo ao 30 de xuño e a de Nadal do 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

Establécese unha terceira paga extraordinaria que se aboará coa mensuralidade de setembro, que no ano 2005 será de 200 euros e de 626 euros no ano 2006. O seu devengo será anual do 1 de agosto ao 30 de setembro.

Artigo 22º.-Antigüidade.

Para o persoal afectado por este convenio establécese un complemento persoal de antigüidade por cada período de tres anos de servizos prestados na empresa, o importe de cada trienio será o 5% do salario base.

Artigo 23º.-Complemento de asistencia.

Segundo táboa anexa.

Artigo 24º.-Complemento de transporte.

Segundo táboa anexa.

Artigo 25º.-Retirada do permiso de conducir.

Nos supostos de sanción, con vehículos da empresa en horas de traballo, que supoñan a retirada do carné de conducir, sempre e cando non houbese mala fe ou dolo na consecuencia dos feitos, a empresa virá obrigada a darlle traballo sen menoscabo das súas percepcións salariais e polo tempo que dure a retirada do carné.

No suposto de que a dita sanción se produza fóra das horas de traballo, a empresa proporcionarlle outro traballo, percibindo o salario correspondente á categoría que se lle asigne e polo tempo que dure a retirada do carné de conducir por un máximo de 6 meses. Este beneficio quedará sen efecto en caso de condución en estado de embriaguez ou condución temeraria.

Artigo 26º.-Funcións de categorías superiores por necesidades do servizo.

Os traballadores de depósito poderán realizar funcións de condutor para constituír calquera ausencia ou baixa de condutor habitual ou por necesidades do servizo.

Artigo 27º.-Vestuario.

A todos os traballadores do servizo seralles entregado o seguinte vestuario:

Verán:	Inverno:
Dous pantalóns	Dous pantalóns
Dúas camisas ou polos	Dúas camisas ou polos
Dous pares de zapatos	Un par de botas
Un chaleco refractario	Dous xerseis
Luvax	Un anorak
	Un traxe de augas

Este vestuario seralle entregado anualmente.

Táboas salariais

Año 2005

Categorías	Salario bruto mensual	Salario base	Complemento asistencia	Complemento transporte	Paga beneficios	Salario anual
Condutor	968,71	704,20x14	67,06x14	197,45x14	200	13.761,94

Recep. depósito	748,87	586,83x14	44,68x14	117,36x14	200	10.684,18